

A LIBERDADE E A TELEFONÍA MÓBIL: LIBRE

As cancións expresan as emocións con música.

- Hai **cancións** de amor e de desamor, de loita, de denuncia, de inxustizas... Polo xeral, expresan sentimentos humanos: esperanza, liberdade, tristura, ledicia... As cancións, ao teren **letra** e **música**, provocan un impacto directamente na sensibilidade do oínte porque teñen diferentes vías de entrada.
- Algúns cantantes interpretan as súas propias cancións, outros cantan cancións escritas doutros compositores. As cancións téñense que instrumentar, buscar o mellor acompañamento.

PROPOSTA 1: As cancións de NINO BRAVO

As cancións de Nino Bravo lémbrense e escóitanse día a día como verdadeiras xoias musicais. Cal é o segredo do seu éxito?

- A **voz**. Unha gran voz. A voz de niño Bravo, melodiosa, sentimental, ben definida e que é capaz de lle transmitir ao oínte indescribibles sensacións.
- Os **compositores**. Os mellores compositores españois puxeron as súas creación máis logradas ao servizo da voz de Nino Bravo: autores consagrados que revolucionaran a música nos anos sesenta, músicos que xa elevaran á fama a outros artistas, novas promesas da música popular... Todos eles fixeron do repertorio de Nino Bravo unha colección de cancións de estilos moi variados e que lle gustan a todo o público.
- As **letras**. Nino Bravo sempre foi remiso a interpretar unha canción que non tivese un tema, un contido. As súas cancións falan, indistintamente, do amor, da morte, da liberdade, da vida, da cobiza... Letras que non deixan a ninguén indiferente, expresadas nunha linguaxe coa que é imposible non se implicar.
- A **orquestración**. Nas súas produción desempeña un papel fundamental. Quedou demostrado que os arranxos instrumentais son os mellores realizados naquela época.

LIBRE. NINO BRAVO

Tiene casi veinte años y ya está

Cansado de soñar,

Pero tras la frontera está su hogar,

Su mundo, su ciudad.

Piensa que la alambrada sólo es

Un trozo de metal,

Algo que nunca puede detener

Sus ansias de volar.

Libre,

Como el sol cuando amanece,

Yo soy libre como el mar
Libre,
Como el ave que escapó de su prisión
Y puede, al fin, volar
Libre,
Como el viento que recoge mi lamento
Y mi pesar,
Camino sin cesar
Detrás de la verdad
Y sabré lo que es al fin, la libertad.

Con su amor por banderas se marchó
Cantando una canción,
Marchaba tan feliz que no escuchó
La voz que le llamó,
Y tendido en el suelo se quedó
Sonriendo y sin hablar,
Sobre su pecho flores carmesí,
Brotaban sin cesar

Libre,
Como el sol cuando amanece,
Yo soy libre como el mar
Libre,
Como el ave que escapó de su prisión
Y puede, al fin, volar
Libre,
Como el viento que recoge mi lamento
Y mi pesar,
Camino sin cesar
Detrás de la verdad

Y sabré lo que es al fin, la libertad.

Libre,

Como el sol cuando amanece,

Yo soy libre como el mar

Libre,

Como el ave que escapó de su prisión

Y puede, al fin, volar

Libre,

Como el viento que recoge mi lamento

Y mi pesar,

Camino sin cesar

Detrás de la verdad

Y sabré lo que es al fin, la libertad.

Composición: Ibarz Pablo **Herrero** / Jose Luis **Armenteros** Sánchez.

Exercicio 1:

- a) Escoita a canción seguindo a letra.
- b) Que compás ten a canción? **4/4**
- c) Hai algún interludio instrumental? **Sí, antes da 2ª estrofa**
- d) Onde hai máis instrumentación nas estrofas ou no retrouso? **No retrouso**
- e) Que che parece a letra da canción? Que nos explica?

Resposta libre.

A letra conta como unha persoa encarcerada ansía a liberdade.

- f) Mira o vídeo e observa: a estética da moda do momento, os anos setenta. Nesa época vivíanse os últimos anos da ditadura. Inglaterra marcaba a moda onde os Beatles estaban a triunfar.

A canción Libre quedou como testemuño dunha época na que se falaba pouco de liberdade, unha época na que as temáticas dos textos das cancións comerciais eran moi superficiais.

A canción de **Libre** tivo moito éxito en 1972, sonaba en todas as emisoras de radio e nas grandes festas patronais. Nino Bravo realizou moitos concertos pola Península e por América Latina. Viaxando dunha actuación a outra, sufriu un accidente no que perdeu a vida.

PROPOSTA 2: A VERSIÓN PUBLICITARIA DUNHA BOA CANCIÓN

El chaval de la Peca é **Marc Parrot**, un excelente cantante cun amplo repertorio de composicións en castelán e en catalán, e moi apreciado polo seu gusto musical producindo a outros artistas. Deuse a coñecer ao gran público realizando versións de temas españois dos anos setenta, entre eles **Libre**. Un acerto!

El Chaval de la Peca- Libre

-Visualiza o vídeo do Chaval de la Peca nel se escoita o tema do primeiro anuncio de Amena, no que se asocia a telefonía móbil á liberdade. O cantante é El Chaval de la Peca, facendo unha versión da canción que Nino Bravo popularizou.

Exercicio 2:

a) A canción, é máis ou menos rítmica que a versión orixinal? **Máis rítmica ca versión orixinal**

b) Mantense a potencia do retrouso coa máxima utilización do grupo, neste caso unha formación típica de rock con guitarras, baixo e batería? **Sí**

-Visualiza o anuncio de Amena coa sintonía da canción Libre. Campaña que deu a coñecer unha marca que era totalmente descoñecida no ano 1998.

c) Que nova prestación da compañía de telefonía cres que dá liberdade?

O nacemento de Amena simbolizou a liberdade, pois suposo a ruptura do duopolio que formaban Vodafone e Movistar, tarifas máis baratas e a venta de móbiles libres.

Nino Bravo “Un beso y una flor”

Visualiza o vídeo, ao principio, é unha homenaxe á beleza da illa de Mallorca, dentro doutra homenaxe, xa que o cantante visita a vivenda do pianista e compositor romántico do século XIX Frédéric Chopin en Valldemosa. Este gran compositor e pianista polaco, establecido en París, pasou unha temporada en Mallorca para se recuperar da súa delicada saúde. O cantante Nino Bravo pasea pola súa casa e amósanse os cadros-retrato de Chopin e da súa parella, a escritora George Sand.